

EMPREGO CON APOIO

contigo podemos máis



DOWN
Galicia

down vigo | down pontevedra 'xuntos' | 'teima' down ferrol | down lugo | down compostela | down coruña | down ourense

PARA MOSTRA, UN BOTÓN

As historias detrás de cada oportunidade laboral



BEATRIZ · COCIÑEIRA

"O traballo permíteme ser máis independente"



CARMEN · CELADORA

"Con este emprego logrei os meus soños"



DAVID · MOZO DE ALMACÉN

"Gústame o que fago gañando o meu propio diñeiro"



ROCÍO · PROF. DE LIMPEZA

"Traballar dame liberdade para ser autónoma"



JOEL · REPOÑEDOR

"Ter un emprego permíteme coñecer a máis persoas"



SARA · AUX. ADMINISTRATIVA

"Hai que formarse e traballar para acadar as nosas metas"



DANIEL · CAMAREIRO

"O traballo faime sentir parte dun equipo"



ESTEFANÍA · CONSERXE

"Agora podo estar máis activa e sentirme útil"



RUTH · VENDEDORA

"Encántame o meu traballo porque me relaciono cos clientes"




SERGIO · AUXILIAR DE SALA

"Sempre quixen traballar nun restaurante"



ÁNGELES · AUX. RESPIRATORIO

"Grazas a este traballo, aprendín a falar mellor"




IAGO · AUX. ELECTRÓNICA

"Ter emprego permíteme gañar diñeiro e ser independente"

QUEN SOMOS?

A Federación Down Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro que agrupa a 7 entidades para a síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais dentro do territorio galego.



As entidades Down traballamos pola igualdade de oportunidades e a mellora da calidade de vida de cada persoa coa síndrome de Down ou outra discapacidade intelectual e da súa familia a través da inclusión e a participación na sociedade e da utilización dos recursos ordinarios da propia comunidade.

As nosas áreas de traballo abarcan todo o ciclo vital, desde a atención temperá da infancia ata o envellecemento activo das persoas maiores.




COMO FACEMOS?

A metodoloxía de Emprego Con Apoio, orientada á inserción laboral das persoas con discapacidade intelectual no ámbito laboral normalizado, ofrece os apoios necesarios dentro e fóra do entorno laboral para conseguir unha óptima adaptación do empregado ou empregada ao posto de traballo. Deste xeito, a empresa consegue traballadores e traballadoras cualificados que se forman nos seus postos de traballo, ademais de contar co apoio da entidade Down, que dará soporte tanto á persoa traballadora coma á empresa.

Por iso, a figura do Preparador ou Preparadora Laboral da entidade Down é fundamental, xa que acompañará á nova persoa contratada durante todo o proceso: asesoramento, seguimento e apoio no tempo que dura a relación laboral.

COMO FUNCIONA?



QUE OFRECEMOS?

- Persoas capaces que son formadas nos seus postos sen custe extra para a empresa
- Contratos subvencionados con bonificacións
- Cubrir a cota obrigatoria de postos para persoas con discapacidade
- Asesoramento e apoio á empresa durante o tempo que dura a relación laboral

QUE POSTOS?

O proxecto non pon límites aos tipos de empregos que poden cubrir as persoas coa síndrome de Down ou discapacidade intelectual. Como calquera outra persoa traballadora, hai postos que son defendidos mellor por un perfil que por outro, xa non pola formación, experiencia e capacidades, senón tamén pola personalidade e outras habilidades propias. Procuremos a persoa axeitada!

QUE CONSEGUIMOS?

O programa de Emprego Con Apoio leva en funcionamento dende o 2002. Por tanto, falamos dun programa consolidado que ten por obxectivo garantir o acceso ao traballo como un dereito fundamental das persoas con discapacidade intelectual. Centos de empresas e centos de contratos evidencian que este servizo é un pilar fundamental para avanzar neste senso. Velaquí algúns datos!



**+2.500
contratacións**



**+1.000 formacións
prácticas**



**98% satisfacción
de empresas**

Coñece un caso real!



FEDERACIÓN DOWN GALICIA

981 58 11 67

www.downgalicia.org

downgalicia@downgalicia.org



ENTIDADES DA FEDERACIÓN

Down Vigo

986 20 16 56

www.downvigo.org

downvigo@downvigo.org

Down Pontevedra 'Xuntos'

986 86 55 38

www.downxuntos.org

xuntos@downxuntos.org

Down Ourense

988 37 03 13

www.downourense.org

downourense@downgalicia.org

Down Lugo

982 24 09 21

www.downlugo.org

downlugo@downlugo.org

Down Compostela

981 56 34 34

www.downcompostela.org

downcompostela@downcompostela.org

Down Coruña

981 26 33 88

www.downcoruna.org

asociacion@downcoruna.org

'Teima' Down Ferrol

981 32 22 30

www.teimadownferrol.org

teimadownferrol@teimadownferrol.org